

Á atención da Conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional

Como representantes da comunidade educativa do IES Primeiro de Marzo, e una vez superada a fase crítica derivada da pandemia do covid.19 e iniciada a desescalada, facemos una serie de reflexións despois de máis e dous meses traballando nunha situación anómala e preocupante.

Partindo da importancia dos centros educativos na vertebración e conformación da sociedade e na importancia de contar cun sólido servizo público de calidade, capaz de cumprir coa súa función en momentos de crise, servizo polo que a administración deben velar. Consideramos que esta non respondeu na medida en que a escola pública merece,

Desde o anuncio do Presidente da Xunta, o día 12 de marzo, de suspensión da actividade lectiva presencial a partir do día 16,, coñecido no noso centro a través da prensa dixital e antes de finalizar a xornada escolar matinal, iniciouse un período marcado pola incerteza, tarefas burocráticas e adaptación exprés a una modalidade de traballo para a que non estabamos preparados

O feito de ter descargado nos centros escolares toda a xestión de atención ao alumnado e familias, cunha atención personalizada como nunca, con uso de recursos privados (como o móbil), debido á urxente necesidade de manter o contacto coas familias, afectou á privacidade por carecer dunha canle apropiada que a preservase, levou a un labor que excede en gran medida o que atinxe ás tarefas lectivas, con horarios ampliados, supuxo una sobrecarga de traballo e ansiedade que provocou situacións moi delicadas tanto no profesorado coma no alumnado do noso centro, mentres as direccións dos centros non deixaron de lado a tramitación de tarefas burocráticas e administrativas, que sobrecargaron, se cabe máis, a xornada laboral.

Toda a comunidade educativa viuse afectada: o alumnado viuse sobrecargado pola incorporación a una metodoloxía non presencial que existe un alto nivel de autonomía e con dificultades, en moitos casos de conectividade e de uso das novas tecnoloxías (sobre todo o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo), ademais do impacto emocional que supón a separación do grupo e a falta de contacto persoal presencial co profesorado; O profesorado acadou un nivel de angustia e de extenuación difícil de conciliar co desempeño digno da profesión docente sobre todo o profesorado de grupos numerosos, de materias comúns, logo de adicar horas, esforzo e actitude positiva á adaptación a un modo telemático de aprendizaxe que amosa que o profesorado é insustituíble. Tamén as familias vense afectadas, tentando adaptarse á situación e con dificultades para facer o seguimento, agora tan importante, dos seus fillos e fillas. E mesmo o persoal de limpeza, sen instrucións nin protocolos claros, nin dotación de material específico, nin formación específica no tipo de desinfección necesario, nin reforzos.

A nosa vontade é facer un traballo efectivo, de calidade, en condicións de seguridade e dignidade que garanta o dereito básico recollido na Constitución, o dereito á educación para o que os poderes públicos teñen o deber de fornecer dos medios que fagan efectivo ese dereito.

De aí que, aínda recoñecendo a excepcionalidade da situación e a dificultade de tomar decisións atinadas, manifestemos o noso malestar polo retraso, ás veces incoherencia, nas instrucións, ou con premura innecesaria que pode supor un risco para a saúde, deixando a responsabilidade aos centros e unha excesiva carga para os equipos directivos e para o profesorado, que tamén necesitan “benestar emocional”.

Por todo isto demandamos dos poderes públicos as seguintes medidas:

1ª. Avaliación e inspección das condicións sanitarias e de seguridade e hixiene dos centros educativos, con asesoramento real, e coa achega dos medios de protección precisos para garantir o dereito á saúde no traballo coa debida anticipación e con reforzo do persoal de limpeza cando sexa preciso.

2ª. Información clara, anticipada e directa por parte das persoas responsables da Consellería de Educación, sobre as decisións e medidas que se adopten, contando cos distintos sectores da comunidade educativa a fin de facilitar una boa planificación.

3ª. Dotación de recursos de “hardware” e “ software”, soporte e asesoramento técnico, así como formación para profesorado, alumnado e familias. Unha plataforma segura, intuitiva e funcional faise imprescindible nestes momentos.

4ª. Un censo elaborado pola Consellería, rápido e con actualizacións periódicas, da situación de conectividade do alumnado e profesorado de toda Galicia, vinculado a una aplicación desde a que as familias poidan tramitar a solicitude de axudas á conectividade.

5ª. Implementación de procedementos administrativos telemáticos accesibles (matrícula, admisión, fondo libros, comedores escolares, etc.) para diminuír o tráfico de persoas.

6ª. Programar unha volta ao curso 20/21 que cumpra coas medidas de seguridade necesarias, e coas garantías de apoio e axuda ao alumnado, sobre todo ao máis desfavorecido nesta crise, que precisa de reforzos, aumentando os cadros de persoal de profesorado, diminuíndo a ratio por aula, e adiantando contratos programa como o de Refórza-T e ARCO ao mes de setembro. É imprescindible a información das medidas a adoptar, en tempo e forma, para poder organizar e preparar o vindeiro curso.

7ª. Flexibilización dos prazos administrativos referentes á xustificación de programas educativos, memorias, etc. que en moitos casos non se poden cumprir e que non son de vital importancia no momento actual, requiren moito tempo e coordinación e entorpecen considerablemente a atención ao alumnado xa complicada de por si.

8ª. Utilizar o momento vivido para dar un salto adiante na aplicación de novas metodoloxías, dun modelo educativo verdadeiramente adaptado á actualidade e que supoña a definitiva implantación das novas tecnoloxías en toda a educación galega.